

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

2018 - 2019

NORMATIVA:

- *Decreto 254/2012, do 13 de decembro.*
- *Orde do 12 de marzo de 2013 polo que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.*
- *ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.*

Procedemento ordinario de admisión do alumnado

Artigo 13. Información ao alumnado e ás familias.

«5. As solicitudes de admisión, dirixidas á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados presentaranse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso «*admisionalumnado*» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).

Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro docente indicado como primeira opción e, ademais, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado.

«3. O formulario normalizado (ED550B) será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación «*admisionalumnado*» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da consellería competente en materia de educación.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.

- b) Domicilio fiscal.
- c) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- d) Condición de familia numerosa.
- e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

CALENDARIO DO PROCESO DE RESERVA (só 6º EP):

IES ADSCRITO PARA CURSAR A ESO	IES “AS TELLEIRAS”. Tlf. 881 93 03 58
RESERVA DE PRAZA NO IES AS TELLEIRAS	Do 1 ao 15 de febreiro Presentación no CEIP A Solaina do Anexo I (ED550A).
MATRÍCULA ESO E BACHARELATO (Presentación no IES)	Do 25 de xuño ao 10 de xullo.

CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN:

(Alumnado de nova incorporación ou procedente doutros centros):

Xornada de portas abertas	20 de febreiro (16:00h)
Charla informativa sobre o proceso de admisión	27 de febreiro Hora: 17:30 Lugar: Auditorio Municipal (Praza de Galicia)
Xornada de portas abertas	28 de febreiro (9:00h)
Oferta de prazas vacantes	Antes do 1 de marzo
Alumnado que presente necesidades educativas especiais (n.e.e.).	Reservar tres postos escolares por aula, nos seguintes cursos: → 4º de educación infantil (3 anos). → 1º de educación primaria.
Xornada de portas abertas	6 de marzo (16:00h)
Presentación de solicitudes	Do 1 ao 20 de marzo <u>Horario:</u> Luns a venres de 9:00 a 14:00h. Martes de 16:00 a 18:00h.

<p>Documentación a presentar</p>	<ul style="list-style-type: none"> x Anexo II (ED550B). As solicitudes de admisión presentaranse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso <i>admisionalumnado</i> (https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado), cubrindo os datos na aplicación e entregando a solicitude xunto co código xerado no centro, ou presentando a solicitude na Sede Electrónica desde dita aplicación. Tamén se pode presentar de forma presencial sen empregar a aplicación (o impreso facilitarase no centro). x Orixinal e fotocopia do DNI do alumno/a (en caso de telo), ou do libro de familia completo (a copia compúlsase no centro). x No caso de solicitar unha praza para alumnado que presente algunha n.e.e., documentación xustificativa.
<p>Observacións solicitudes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <u>Toda solicitude de admisión deberá estar asinada por un dos proxenitores.</u> ➤ <u>No caso de separación ou divorcio</u>, a instancia deberá entregarse coa sinatura de ambos proxenitores; agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo.
<p>Presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados, se fose requerida polo centro (sendo voluntaria).</p> <p>Observacións sobre o baremo</p>	<p>Do 23 de marzo ao 5 de abril*</p> <p>Só será necesario se a demanda é maior ca oferta de prazas.</p> <p><small>*10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo das solicitudes de admisión.</small></p> <p><u>Só cando a persoa interesada denegue expresamente a consulta automática</u>, será necesario que presente a documentación relativa a:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os criterios de domicilio fiscal • Renda per cápita da unidade familiar (ver

	<p>explicación debaixo desta táboa)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Condición de familia numerosa • Discapacidade do alumnado, do proxenitor/a, do titor/a ou dos irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia <p>Os demais documentos que acrediten puntuación débense entregar no Centro.</p> <p><u>Solicitudes de praza nas que toda a unidade familiar estea empadroada no domicilio familiar excepto un dos proxenitores sen que exista separación ou divorcio.</u></p> <p>Os pais/nais que non figuran inscritos no empadroamento cos seus fillos/as e co seu cónxuxe, deben explicar cal é o motivo e xustificalo documentalmente, aportando un certificado de empadroamento de todas as persoas inscritas no lugar onde está empadroado o proxenitor que non figure no domicilio familiar. Ademais, deben aportar escritura de compravenda ou doazón da vivenda familiar a nome dun dos proxenitores, ou ben contrato de aluguer a nome dun dos proxenitores, xuntamente cos recibos de alta da luz, auga ou gas a nome dun dos proxenitores. Por outra banda, se non hai coincidencia do domicilio fiscal e familiar para un dos proxenitores cando non exista divorcio ou separación seguirase o establecido no artigo 22 da <i>Orde do 12 de marzo de 2013</i>.</p>
<p>Publicación Listaxes Provisionais (Consello Escolar)</p>	<p>23 de abril (Antes do 25 de abril) As listaxes teñen carácter provisional e poden ser obxecto de reclamación.</p>
<p>Reclamación ás listaxes. Presentase ao Consello Escolar do centro.</p>	<p>Do 23 ao 27 de abril, ambos incluídos**. **Cinco días hábiles a partir do día seguinte da publicación.</p>
<p>Publicación Listaxes Definitivas (Consello Escolar)</p>	<p>10 de maio (Antes do 15 de maio)</p>
<p>Recurso de Alzada ante a Xefatura Territorial</p>	<p>Do 11 de maio ao 12 de xuño*** ***Prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.</p>
<p>Adxudicación subsidiaria de praza noutro centro.</p>	<p>As solicitudes que non obtiveron praza no centro solicitado en primeiro lugar, serán remitidas á Comisión de Escolarización que lles</p>

	asignará praza nos centros onde teñan vacantes, tendo en conta cando sexa posible, as preferencias indicadas na solicitude e a puntuación obtida pola aplicación do baremo.
Reunión informativa no centro coas familias de nova incorporación	12 de xuño (16:00h)
FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA	Do 20 ao 30 de xuño
Reunión coas familias	En xuño. Pendente de determinar

RENDA ANUAL PER CAPITA DA UNIDADE FAMILIAR

(Baremo – proceso de admisión)

A unidade familiar está integrada por:

- Os cónxuxes non separados legalmente ou parellas de feito inscritas no rexistro de Parellas de Feito de Galicia.
- Os fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

Para a valoración da renda da unidade familiar terase en conta a **declaración da renda do ano 2016**. As familias interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da seguinte operación:

Suma da *Base Imponible Xeral* e da *Base Imponible do Aforro* (casiñas 392+ 405), dividindo o resultado obtido entre o número de membros computables da unidade familiar.

Inferior a 0,5 veces o IPREM (3.195,06€)	3 puntos
Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM (3.195,06 - 4.792,60€)	2 puntos
Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM (4.792,60 - 6.390,13€)	1 punto

Igual ou superior ao IPREM (6.390,13€)	0 puntos
--	----------

Documentación a presentar:

Autorización expresa dos dous cónxuxes na solicitude de admisión para que a Axencia Tributaria subministre a información á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. De non dispor de datos tributarios na Axencia Estatal de Administración Tributaria a familia interesada debe achegar unha certificación de haberes.

ALUMNADO QUE QUEIRA TRASLADARSE DO NOSO CENTRO A OUTRO ou SE TRASLASE DOUTRO CENTRO AO NOSO:

- 1) Solicitar na Secretaría do centro de orixe un Certificado de Matrícula que entregará no Centro ao que queira trasladarse.
- 2) Presentar a solicitude de admisión xunto co Certificado de matrícula no centro novo no que desexe matricularse.
- 3) Entregar no centro onde desexe causar baixa unha copia da solicitude de admisión do novo centro.

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO:

Consultar no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO CEIP A SOLAINA:

Servizo Madrugadores de 7:30 a 9:00h.

Comedor de 14:00 a 16.00.